



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S.Agra de Leborís**  
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha  
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683  
[www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris)  
E-mail: [ies.agra.leboris@edu.xunta.es](mailto:ies.agra.leboris@edu.xunta.es)

# **PLAN DE IGUALDADE E COEDUCACIÓN**

## **2019-2020**



## INDICE

### **1. INTRODUCCIÓN ... 4**

### **2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DE CENTRO... 7**

2.1. Marco normativo de referencia ... 7

2.2. Concreción do marco normativo nos documentos de centro ... 11

### **3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA ... 12**

### **4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS ... 16**

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes ... 16

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero ... 16

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual ... 16

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia ... 16

### **5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS ... 17**

5.1. Organización do centro ... 17

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes ... 26

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo ... 28

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar ... 29



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S.Agra de Leborís**

Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha

Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683

[www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris)

E-mail: [ies.agra.leboris@edu.xunta.es](mailto:ies.agra.leboris@edu.xunta.es)

## **6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN ... 31**

**6.1. Procedementos de avaliación ... 31**

**6.2. Indicadores de logro ... 31**

**6.3. Instrumentos de avaliación ... 31**

**6.4. Propostas de mellora ... 31**

**ANEXO I. Enquisa sobre actitude cara a igualdade de xénero ... 32**

**ANEXO II. Plan director para a convivencia ... 34**

**ANEXOIII. Recursos en materia de igualdade e coeducación ... 35**



## **1. INTRODUCCIÓN**

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante CEUFP), xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade, aprobou o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero e para impulsar un modelo de escolaridade coeducativa.

**A instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da CEUFP, establece a igualdade entre mulleres e homes como un principio reitor das sociedades democráticas, e así se recolle en multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico.**

O IES Agra de Leborís quere unha total implicación da comunidade educativa en igualdade efectiva entre homes e mulleres. Os documentos de centro deben ter concretadas ás necesidades do noso centro e deben establecer pautas de actuación a interrelacionar en materia de igualdade. Dende o Proxecto Educativo, as normas de organización e funcionamento, o plan de convivencia, o plan de acción tutorial, o plan de atención á diversidade e as programacións didácticas, ata o plan de igualdade e coeducación no que conflúe todo o anterior neste tema de relevancia.

A escola debe ser un lugar de construción da igualdade de oportunidades, isto implica un rotundo cambio, tanto teórico como institucional, na concepción, organización e desenvolvemento da orientación educativa.

Dende hai varios cursos estase a ofertar a **materia optativa** de Igualdade de Xénero, por parte do departamento didáctico de Educación Plástica, Visual e Audiovisual para os cursos de 1º e 2º da ESO. O labor é fundamental continuar a nivel de centro e atendendo a toda a comunidade educativa.



Seguindo a lexislación vixente, é obrigatorio o nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar, sendo neste caso aceptada a proposta de Dona María Josefa Rey Vilas, coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e profesora de bioloxía e xeoloxía.

Teranse en conta os protocolos e medidas de intervención que se establecen na Lei 4/2011 e Decreto 8/2015, en materia de convivencia e participación da comunidade educativa.

Para o deseño do plan de igualdade e coeducación concretaranse:

- Obxectivos coeducativos a través dos plans do centro (Proxecto educativo, Normas de Organización e Funcionamento do centro, Plan de convivencia, Plan de acción tutorial)
- Obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero. Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).

Dende a propia instrución do 6 de setembro de 2019, recoméndanse para o deseño do plan de igualdade os seguintes temas:

- A presenza da coeducación como marca de identidade do Proxecto educativo (documento en elaboración).
- A existencia dun Plan de Igualdade ou coeducativo con anterioridade a esta instrución (dende distintos equipos hai propostas de actividades en materia de igualdade).
- A existencia dun diagnóstico previo da situación da Igualdade de Xénero e da violencia machista no centro (en elaboración).
- A impartición de materias de libre configuración específicas de Igualdade de Xénero en 1º e 2º da ESO polo departamento didáctico de Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- A realización de actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención



da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGBTIfobia...).

- A participación do centro en órganos consultivos ou de decisión para a prevención da desigualdade e da violencia machista, contando con servizos externos (Centro de Información á Muller e servizos sociais do concello, Plan Director da garda civil, asesoría de igualdade da consellería, entre outros)
- A participación en Plans de Formación Permanente do Profesorado onde se traballe de maneira directa ou transversal a perspectiva de xénero, etc (en fprofe, plantega, CAFI...): G1901042 Educación en igualdade para o equipo directivo, G1901041 Educación en igualdade para o departamento de orientación.



## **2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DE CENTRO**

### **2.1. Marco normativo de referencia**

*A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, manifesta no seu preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais que se persegue é a **formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes**, así como a **valoración crítica das desigualdades**, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas. O artigo 1 desta lei establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. E o artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”. Os decretos de currículo desenvolven estes principios.

*A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades.

*O Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria*, no Artigo 94º, establece que “Os proxectos curriculares de etapa (na normativa actual referirase ás **programacións didácticas**) incluirán: “d) Orientacións para incorporar, a través das distintas áreas da educación secundaria obrigatoria, a educación moral e cívica, a educación para a paz, **a igualdade de oportunidades entre os sexos**, a educación ambiental, sexual, para a saúde, a educación do consumidor e a vial”.



**LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia establece** como finalidade garantir o **principio de igualdade de trato e de non discriminación** por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais no ámbito educativo.

**No DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 4.2. Temas transversais establece** “A consellería con competencias en materia de educación fomentará o **desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero** ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, **a igualdade**, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso **a prevención da violencia de xénero**, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

No Título I, de Educación Secundaria Obrigatoria, capítulo I de principios e obxectivos, no Artigo 10. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria, indica que hai que conseguir: a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a





solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a **igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes**, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática; c) **Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles**. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

No Capítulo III, de orientación e atención á diversidade, no Artigo 16. Titoría e orientación, no punto 4. Fai referencia a que “A orientación educativa garantirá ao longo da etapa un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo ou, se for o caso, unha orientación profesional. En todo caso, **a orientación educativa atenderá ao principio de igualdade entre homes e mulleres**”.

No Título II, de Bacharelato, capítulo I, de principios e obxectivos, no Artigo 26. Obxectivos, hai que conseguir: “c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade”.

**Na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa**, no Artigo 2 de *Ámbito de aplicación*, establece “b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas”. No artigo 7.2. de *Dereitos e deberes do alumnado*, “Son deberes básicos de convivencia do alumnado: c) Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa”.

No Título III, sobre normas básicas de convivencia nos centros docentes, capítulo I, no Artigo 10.1. do *Plan de convivencia e normas de convivencia*. “O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e



principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integrará o **principio de igualdade entre mulleres e homes** e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia será elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo consello escolar do centro”.

***DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.***

No artigo 6.4. A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións: c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

No CAPÍTULO II Documentos e recursos complementarios sobre a convivencia escolar, Sección 1ª. Plan de convivencia Artigo 11.2. Obxecto, fins e principios do plan de convivencia. “O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regula-dos nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia **integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes** e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras”.

No Artigo 12. Obxectivos xerais do plan de convivencia. c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. Na Sección 3ª. Actuacións, programas e medidas para a mellorada convivencia nos centros, Artigo 21. Actuacións preventivas e para a detección da conflictividade, c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade



educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

No Artigo 22. En actuacións formativas en materia de convivencia escolar, no punto 3, nos plans anuais de formación permanente do profesorado incluíranse accións dirixidas especificamente a mellorar a súa formación no ámbito da educación para a cultura da paz, a igualdade entre mulleres e homes, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

No Artigo 24. Medidas complementarias para a mellora da convivencia, no punto 2. Poderán desenvolverse, ademais, programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepción e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres

## **2.2. Concreción do marco normativo nos documentos de centro.**

Respecto á concreción no marco normativo nos distintos documentos de centro, a maioría deles están en proceso de elaboración e teranse en conta as seguintes puntos:

- Obxectivos coeducativos concretos no **Plan de convivencia** (accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia): documento en elaboración, terase en conta a concreción de obxectivos coeducativos.
- Os obxectivos coeducativos concretos no **Plan de acción tutorial** (accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia): en elaboración, terase en conta.
- A especial atención á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación nas **normas de organización, funcionamento e convivencia**: en revisión para a súa concreción.
- Os obxectivos coeducativos concretos no **Proxecto Educativo**: en elaboración, terase en conta a concreción de obxectivos coeducativos.



### **3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA**

A nivel de centro, valórase como axeitado a realización dunha enquisa de coñecemento da realidade do centro en relación coa igualdade de xénero adaptada (**VER ANEXO I: Enquisa sobre actitudes cara a igualdade de xénero**)

Recóllense datos respecto á representación do alumnado e profesorado para reflexionar sobre a igualdade de xénero entre homes e mulleres na realidade actual.

**Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión.**

#### **DATOS DE REPRESENTACIÓN DOCENTE POR DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS**

<b>DEPARTAMENTO</b>	<b>HOMES</b>	<b>%</b>	<b>MULLERES</b>	<b>%</b>	<b>TOTAL</b>
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	1	25	3	75	4
ECONOMIA	0	0	1	100	1
EDUCACIÓN FÍSICA	1	50	1	50	2
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	1	50	1	50	2
FILOSOFÍA	1	100	0	0	1
FÍSICA E QUÍMICA	0	0	2	100	2
LATÍN	0	0	1	100	1
LIGUA CASTELÁ E LIT	1	25	3	75	4
LINGUA GALEGA E LIT	0	0	4	100	4
LINGUA ESTR. FRANCÉS	1	50	1	50	2
LINGUA ESTR. INGLÉS	1	25	3	75	4
MATEMÁTICAS	0	0	5	100	5
MÚSICA	1	50	1	50	2
ORIENTACIÓN	1	25	3	75	4
RELIXIÓN	1	50	1	50	2
TECNOLOXÍA	0	0	3	100	3
XEOGRAFÍA E HISTORIA	2		1		2
	<b>12</b>	<b>26%</b>	<b>34</b>	<b>74%</b>	<b>46</b>



**Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos.**

**DATOS DO ALUMNADO SEGÚN ETAPA, CURSO E XÉNERO**

ETAPA	CURSO	GRUPO	XÉNERO				TOTAL	
			HOMES	%	MULLERES	%		
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1º	A	15	62,5	9	37,5	24	
		B	15	62,5	9	37,5	24	
		C	14	56	11	44	25	
		D	7	36,85	12	63,15	19	
				<b>51</b>	<b>55,43</b>	<b>41</b>	<b>44,57</b>	<b>92</b>
	2º	A	9	32,15	19	67,85	28	
		B	12	44,44	15	55,55	27	
		C	14	50	14	50	28	
		D	14	51,85	13	48,15	27	
				<b>49</b>	<b>44,55</b>	<b>61</b>	<b>55,45</b>	<b>110</b>
	3º	A	8	36,36	14	63,63	22	
		B	10	50	10	50	20	
		C	11	45,83	13	54,17	24	
		D	7	41,17	10	58,83	17	
				<b>36</b>	<b>43,37</b>	<b>47</b>	<b>56,63</b>	<b>83</b>
	4º	A	21	70	9	30	30	
		B	20	58,82	14	41,18	34	
		C	10	100	0	0	10*1	
				<b>51</b>	<b>68,92</b>	<b>23</b>	<b>31,08</b>	<b>74</b>
				<b>187</b>	<b>52,09</b>	<b>172</b>	<b>47,91</b>	<b>359</b>
BACHARELATO	1º	A	13	52	12	48	25	
		B	4	16,67	20	83,33	24*2	
				<b>17</b>	<b>17</b>	<b>32</b>	<b>83</b>	<b>49</b>
	2	A	11	44	14	66	25	
B		7	41,18	10	58,82	17		
			<b>18</b>	<b>42,86</b>	<b>24</b>	<b>57,14</b>	<b>42</b>	
			<b>35</b>	<b>38,46</b>	<b>56</b>	<b>61,54</b>	<b>91</b>	
			<b>222</b>	<b>49,33</b>	<b>228</b>	<b>50,67</b>	<b>450</b>	

\*1 Alumnado que optou pola optativa de matemáticas aplicadas

\*2 Alumnado da modalidade de ciencias



**Nivel de titulación e resultados académicos obtidos.**

**DATOS RELATIVOS AO CURSO ANTERIOR 2018-2019**

	Non titulan	Titulan homes	Titulan mulleres	TOTAL
NA ESO	5	26	32	63
NO BACHARELATO	14	18	16	48

**- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.**

		HOMES	MULLERES	TIPO DE NEAE
ESO	1º	4 DIFICULTADES ESPECIFICAS DE APRENDIZAXE (DEA) 3 ALTAS CAPACIDADES (AC) 1 TDAH+DISLEXIA 1 ENFERMIDADE CRÓNICA	5 DEA (1 ETNIA XITANA) 1 TDAH+DISLEXIA	Predomina alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe en mulleres. Predominan casos de altas capacidades en homes.
	2º	2 DEA 3 TDHA (2 CON DISLEXIA, 1 TC) 2 TRASTORNO DA CONDUTA (TC) 1 TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA (TEA) 1 AC	7 DEA 1 AC 1 PROCEDENCIA ESTRANXEIRA	Predomina alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe en mulleres. Predominan casos de alumnos con trastornos da conduta en homes.
	3º	1 DEA 1 AC 1 TEA 1 TDAH 1 TDAH+TND+AC	2 DEA 2 PROCEDENCIA ESTRANXEIRA	
	4º	1 TDAH 1 TC + ABSENTISTA 1 TC + TND 1 TC + TDAH 1 TEA		Predomina alumnado con trastornos da conduta en homes.
BACHARELATO	1º	1 ENFERMIDADE CRÓNICA	1 TDAH	
	2º	1 PROCEDENCIA ESTRANXEIRA		

**- Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.**

**Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflictividade escolar).**

O noso centro educativo presenta unha baixa tase de abandono escolar temperán, non sendo significativos os casos de absentismo escolar. Hai un caso, neste momento de absentismo escolar que está derivado a outros servizos (servizos sociais do concello, servizos de saúde mental) para dar resposta a esta problemática.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S.Agra de Leborís**

Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha

Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683

[www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris)

E-mail: [ies.agra.leboris@edu.xunta.es](mailto:ies.agra.leboris@edu.xunta.es)

**- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias (ex. deportivas, artísticas, tecnolóxicas etc.).**

Datos reflectidos na programación xeral anual cada curso escolar. Ademáis dos propoís espazos do centro, cóntase con outros da zona (casa da cultura, biblioteca municipal...)



#### **4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTES TEMAS**

##### **4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

- Sensibilizar e concienciar na importancia da igualdade de xénero.
- Promover campañas informativas e formativas sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
- Difundir e favorecer a participación en actuacións a favor da igualdade de xénero

##### **4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

- Previr todo tipo de condutas relacionadas coa violencia de xénero.
- Establecer protocolos de detección de casos de violencia de xénero.
- Favorecer condutas positivas de respecto á igualdade e non violencia.
- Intervir e aplicar medidas educativas e disciplinares ante casos,de violencia de xénero.

##### **4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

- Educar en condutas afectivas e sexuais de respecto á diversidade sexual.
- Adquirir habilidades socio afectivas cara á diversidade

##### **4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTifobia.**

- Educar no respecto ao colectivo de LGBT
- Previr conductas de rechazo ou discriminación hacia o colectivo de LGBT.
- Detectar condutas ou feitos relacionados co rechazo ou discriminación do colectivo de LGBT
- Intervir e tomar medidas educativas e/ou disciplinares ante cualquera conduta de discriminación por razón de xénero.





## **5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS**

### **5.1. Organización do centro:**

- **Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.**

Tendo en conta a porcentaxe de homes e mulleres no centro educativo, hai unha maioría de mulleres nos distintos órganos de decisión e de representación.

<b>Órganos</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Homes</b>
Equipo directivo	3	1
CCP	20	3
Claustro	34	12
Equipo biblioteca	5	0
Equipo proxecto lector	1	0
Responsable TIC	1	0
EDLG	2	1
Equipo sección bilingüe	3	1
Extraescolares e Compl.	0	2
Equipo Titores/as	13	6

- **Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.**

A coordinadora do EDLG e representante do consello escolar Dona María Josefa Rey Vilas.

- **Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).**

Elaboranse uns folletos e publicacións para a presentación do plan entre as familias e resto de axentes (concello, servizos sociais, anpa...).

- **Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.**

Exporanse as campañas e datas relacionadas coa materia de igualdade.



Informarase de xornadas e cursos específicos de formación en materia de igualdade.

• **Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.**

Fomentarase o emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria en todas as actividades do centro educativo, coa implicación de toda a comunidade educativa.

Deseñaranse circulares informativas respecto a este tema.

• **Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.**

Dende a ANPA Manuel Murguía do IES Agra de Leborís, oferta actividades específicas para traballar a temática.

Dende a dirección do centro, co asesoramento do departamento de orientación, solicitaráse o plan director e ofértase a posta en marcha de actividades diversas sobre esta temática (**ANEXO II**)

• **Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).**

• **Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.**

O centro educativo oferta a materia de “Igualdade de Xenero” como materia específica de opción en 1º e 2º da ESO.

Dentro do plan de acción tutorial organizaranse charlas específicas de educación afectivo sexual, contando coa colaboración do Concello de A Laracha e o grupo DELOGA de desenvolvemento local. Estarán dirixidas tanto ao alumnado como ás familias.

Ademais de contar coa transversalización de contidos específicos en materia de igualdade entre os distintos Departamentos Didácticos, que se detallan a continuación.

DEPARTAMENTO	ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES	ETAPA/ CURSO	RESPONSABLES	RECURSOS	TEMPORALIZACION
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	<a href="https://mujeresconciencia.com">https://mujeresconciencia.com</a> (“Margarita Salas, pasión pola bioloxía molecular”) As Mulleres con Ciencia Blog-Jindetrés, SAL Pioneras-Blog 11 de Febreiro Outras iniciativas Muller e ciencia – Blog 11 de febreiro Oceánicas – Blog Historias de Pioneras Inspiring Girls (en español)	Todos	Dto. Didáctico	Laboratorio Webs específicas Blgos Aula virtual	Todo o curso



DEPARTAMENTO	ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES	ETAPA/ CURSO	RESPONSABLES	RECURSOS	TEMPORALIZACION
	Universidade de Santiago – Oficina de Igualdade de Xénero				
ECONOMIA	<p>Construción “Arbol da memoria das economistas esquecidas”</p> <p>Redacción dun pequeno libro sobre as pioneiras na historia da Ciencia Económica, como pequeno homenaxe ás mulleres que dedicaron o seu tempo para mellorar a sociedade para crear un mundo máis xusto e digno</p> <p>Lecturas da bibliografía das principais mulleres economistas: - “Novelas económicas de Harriet Martineau” Harriet Martineau (v.volumes). - “Lo que aprendí viviendo” Eleanor Roosevelt - “El ganador se queda con todo” Dambisa Moyo - “Vida de Joan Robinson” (Mónica Somoza). - “The great contraction” Anna Jacobson Schwartz - “Los bienes comunes del conocimiento” Elinor Ostrom - “Economía rosquilla “ Kate Raworth</p> <p>Estudio y análisis cifras observatorio de la igualdad y la diversidad <a href="http://www.coruna.gal/igualdade/es/servicios/observatorio?argIdioma=es">http://www.coruna.gal/igualdade/es/servicios/observatorio?argIdioma=es</a></p>	4º ESO e Bach	Profesorado do Departamento	Libros. Cartulinas de cores, post-it de cores, pegamento, tijeras, cinta adhesiva, ...	Segundo e terceiro trimestre
EDUCACIÓN FÍSICA	<p>Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:</p> <p>5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Revisar o material didáctico empregado na aula, tanto nos apuntamentos de EF coma nos vídeos que se facilita ao alumnado para ampliar coñecementos, onde se procurará revisar que non se perpetúen os estereotipos de xénero relacionados coa actividade física: os homes relacionados con actividades de forza, velocidade e resistencia e as mulleres en actividades rítmicas (ximnasia, natación, baile,...).</li></ul> <p>Nas actividades deportivas, onde os estereotipos de xénero son moi habituais, destacar aos alumnos/as que realizan esas actividades do xénero contrario, e poñelos como exemplo con naturalidade: por exemplo, fomentar que un alumno imparta clases de baile nos recreos ou que unha rapaza nos ensine unha técnica de judo.</p> <p>5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Difundir información a través dun taboleiro no centro.</li></ul> <p>Na entrada do ximnasio temos un taboleiro (precisamos un mais grande) de Dxt Feminino, no cal os alumnos/as lesionados colgarán noticias ou informacións relevantes de Deporte Feminino,</p>	ESO e bach	Profesorado do departamento	Material específico de educación física Taboleiro Vídeos	Todo o curso



DEPARTAMENTO	ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES	ETAPA/ CURSO	RESPONSABLES	RECURSOS	TEMPORALIZACION
	<p>especialmente das nosas alumnas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real. Informar ao alumnado acerca de noticias ou contidos de actualidade no ámbito deportivo feminino, de xestas, logros, investigacións, etc. empregando para elo as revistas deportivas as que estamos subscritos (Sport Life) e que temos no ximnasio.</li> </ul> <p>Analizar portadas de xornais deportivos que falen dos logros das mulleres deportistas, ensinarllas a primeira ollada e preguntar se detectan machismo nesas portadas. Comparar con portadas de logros masculinos para analizar a discriminación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.</li> </ul> <p>Nos recreos activos organizados dende o Dpto. incluír actividades que sexan do interese de rapaces (que son os que participan de forma maioritaria) e rapazas. Outros anos intentouse fomentar a participación das rapazas poñendo algún recreo exclusivamente feminino, que non resultou. No curso pasado empezouse a empregar algún recreo con Patinaxe (cando se imparte na clase de EF), tendo resultados moi positivos en canto a participación de rapaces e rapazas. Neste curso, imos continuar con esta actividade e ademais no 1º trimestre incluímos a actividade de baile no ximnasio impartida por dous alumnos de 4º ESO, con un gran éxito de participación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.</li> </ul> <p>O alumnado lesionado participará no Concurso Dores Xestoso do centro na modalidade divulgativa facendo un traballo de investigación dunha deportista galega destacada no deporte que se está a traballar nese curso.</p>				
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	<p>Materia específica, optativa “<b>Igualdade de xénero</b>”</p> <p><b>AUDIOVISUAIS:</b> <b>VIDEOFORUM</b> - Película “<b>Bend it like Beckham. Quiero ser como Beckham</b>” (igualdade de xénero) (2002, Dirección: Gurinder Chadha) - Película “<b>Te doy mis ojos</b>” (violencia de xénero) (2003, Dirección: Icíar Boallín) - Película “<b>Hidden figures. Figuras ocultas</b>” (muller na ciencia) (2016, Dirección: Theodore Melfi) -Película “<b>On the basis of sex. Una cuestión de</b></p>	1º e 2º da ESO	Profesorado do departamento	-Películas - Documentales -Vídeos -Ordenador de aula -Proxector multimedia -Fichas didácticas	Todo o curso



DEPARTAMENTO	ACTUACIÓN E ACTIVIDADES	ETAPA/ CURSO	RESPONSABLES	RECURSOS	TEMPORALIZACION
	<p><b>xénero</b> (discriminación e igualdade de xénero) (2018, Dirección: Mimi Leder) -Película "<b>Proud. Orgullo</b>" (dereitos colectivo LGTBIQ+) (2014, Dirección: Matthew Warchus) -Película "<b>Stonewall</b>" (dereitos colectivo LGTBIQ+) (2015, Dirección: Roland Emmerich) -Película "<b>Wadjda. La bicicleta verde</b>" (educación das nenas no Islam) (2013, Dirección: Haifaa Al-Mansour) -Película "<b>Frida</b>" (trayectoria vital) (2002, Dirección: Julie Taymor) -Película "<b>Three Billboards Outside Ebbing, Missouri. Tres anuncios en las afueras</b>" (empoderamiento femenino) (2002, Dirección: Martin McDonagh)</p> <p><b>DOCUMENTALES</b> -Película documental "<b>Con la pata quebrada</b>" (evolución de la imagen de la mujer en el cine español desde los años 30 a la actualidad) (2013, Dirección: Diego Galán) -Película documental "<b>Manda huevos</b>" (evolución de la imagen del hombre en el cine español desde los años 30 a la actualidad) (2016, Dirección: Diego Galán)</p> <p><b>CURTAMETRAXES</b> -Video "<b>Propiedad privada</b>" <a href="https://youtu.be/VGtrt8rOpZc">https://youtu.be/VGtrt8rOpZc</a> (violencia de xénero) (2006, dirección: Ángeles Muñoz Cachón) -Video "<b>El ascensor</b>" <a href="https://youtu.be/Kw8rrQinur8">https://youtu.be/Kw8rrQinur8</a> (violencia de xénero) (2015, dirección: David Picazo estudiante de Realización Audiovisual) -Video "<b>Amores que matan</b>" <a href="https://youtu.be/J4WG_H9V26w">https://youtu.be/J4WG_H9V26w</a> (violencia de xénero) (2000, dirección: Icíar Bollaín) -Video "<b>Publicidad sexista</b>" <a href="https://youtu.be/P8GuCxUsNWY">https://youtu.be/P8GuCxUsNWY</a> (estereotipos de xénero) (2015, dirección: Sonia Lazcano Díez) -Video "<b>La muñeca que eligió conducir</b>" <a href="https://youtu.be/V-siux-rWQM">https://youtu.be/V-siux-rWQM</a> (Xogo e xoguetes coeducativos) (2016, dirección: creativos Audi) -Video "<b>Jugar no tiene xénero</b>" <a href="https://youtu.be/mlfjheOPVAo">https://youtu.be/mlfjheOPVAo</a> (Xogo e xoguetes coeducativos) (2015, dirección: Área de Igualdad. Ayuntamiento de Málaga) -Video "<b>Libertad para jugar</b>" <a href="https://youtu.be/2x7Sk2lr4aw">https://youtu.be/2x7Sk2lr4aw</a> (estereotipos de xénero) (2015, dirección: Área de Igualdad. Ayuntamiento de Madrid) -Vídeos "<b>She culture</b>" <a href="#">She culture</a> (estereotipos de xénero) -Video "<b>Todos deberíamos ser feministas</b>" Chimamanda Ngozi Adichie <a href="#">Todos deberíamos ser feministas</a> (igualdade de xénero)</p>				



DEPARTAMENTO	ACTUACIÓN E ACTIVIDADES	ETAPA/ CURSO	RESPONSABLES	RECURSOS	TEMPORALIZACION
	(2013, TEDxEuston) -Vídeo <b>"El peligro de la historia única"</b> Chimamanda Ngozi Adichie <a href="#">El peligro de la historia única</a> (igualdade de xénero) (2009, TEDGlobal)				
	<b>VIDEOS MUSICAIS</b> Taylor Swift. <b>"You need to calm down"</b> <a href="https://youtu.be/Dkk9gvTmCXY">https://youtu.be/Dkk9gvTmCXY</a> (estereotipos de xénero, colectivo LGTBIQ+) (2019, dirección: Drew Kirsch, Taylor Swift) Support the Equality Act: <a href="https://taylorswift.lnk.to/petition">https://taylorswift.lnk.to/petition</a>			-Vídeo -Aula de Informática -Conexión a Internet	
	<b>COMENTARIO DE TEXTOS</b> -Libro <b>"Todos deberíamos ser feministas"</b> (2015, Chimamanda Ngozi Adichie, Editorial Literatura Ramdom House) -Libro <b>"El peligro de la historia única"</b> (2018, Chimamanda Ngozi Adichie, Editorial Literatura Ramdom House) -Libro <b>"Querida Ijeawe. Cómo educar en el feminismo"</b> (2019, Chimamanda Ngozi Adichie, Editorial Literatura Ramdom House) -Relatos cortos: <b>Algo alrededor de tu cuello</b> <b>Mañana está demasiado lejos</b> <b>Una experiencia privada</b> (Algo alrededor de tu cuello, 2010, Chimamanda Ngozi Adichie, Editorial Literatura Ramdom House) <b>Chinasa</b> <b>Mi Madre, la africana loca</b> -Cómics: Moderna de pueblo <a href="https://modernadepueblo.com/#Work">https://modernadepueblo.com/#Work</a> <b>Estamos todas bien</b> Premio Nacional del Cómic (2017, Ana Penyas, Editorial Salamandra) <b>Cenit</b> Artista Revelación del Salón del Cómic de Barcelona (2018, María Medem, Editorial Apa Apa) <b>Naftalina</b> Premio Internacional de Novela Gráfica Fnac (2020, Sole Otero Editorial Salamandra) <b>Dos monedas</b> Primer Premio València de Novela Gráfica (2019, Núria Tamarit, Ediciones La Cúpula) <b>Las ciudades que somos</b> II Premio Novela Gráfica Ciudades Iberoamericanas (2018, Colectivo Chicks on comics, Editorial Sexto piso) <b>Fun home</b> (2006, Alison Bechdel, Editorial Reservoir Books) <b>Sombras sobre Shimanami</b> (2018, Yuhki Kamatani, Norma Cómics) <b>Llamadme Natha</b> (2019, Catherine Castro, Astiberri Ediciones)			-Libros de lectura -Biblioteca de aula - documentos pdf	
	<b>EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICAS</b> - Somos diferentes-Somos iguais (estereotipos de xénero) <b>CERTAME FOTOGRÁFICO</b> -As mulleres na ciencia e na tecnoloxía			-Aula de Informática -Conexión a Internet -Cámara fotográfica/móbil	
	<b>ENQUISA</b>			-Material	



DEPARTAMENTO	ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES	ETAPA/ CURSO	RESPONSABLES	RECURSOS	TEMPORALIZACION
	-Reparto e horas dedicadas ás labores do hogar entre mulleres e homes			impreso	
	<b>TALLER de DEBATE</b> -A igualdade de xénero segundo unha alumna de 2º de bacharelato			-Ordenador de aula -Proxector multimedia -Conexión a Internet	
	<b>PRESENTACIÓN de DIAPOSITIVAS</b> -A muller na ciencia. Mulleres científicas galegas			-Aula de informática -Conexión a Internet	
FILOSOFÍA	Dende os debates				
FÍSICA E QUÍMICA	En coordinacón co departamento de bioloxía e xeoloxía.				
LATÍN	En coordinacion co equipo da biblioteca	Todos			Todo o curso
LIGUA CASTELÁ E LITERATURA	En coordinacion co equipo da biblioteca	Todos			Todo o curso
LINGUA GALEGA E LITERATURA	En coordinacion co equipo da biblioteca	Todos			Todo o curso
	Escollo de libros de lectura atendendo a (ademais dos criterios publicados na páxina web docentro: <input type="checkbox"/> Autoría feminina <input type="checkbox"/> Temática reivindicativa do papel da muller  25 de novembro: ao longo da semana do 25 proxectaranse vídeos e/ou faranse postas en común sobre a materia relacionada.  Coidado no vocabulario utilizado, na escollo de exemplos, lecturas, textos para comentar... co fin de dar visibilidade ao papel da muller.  Reflexión sobre condutas sexistas e micromachismos que aparecen no día a día.  Obradoiro de creación literaria con temática reivindicativa e de igualdade.  Participación nas actividades propostas pola biblioteca.  Participación no concurso Dores Gestoso  En horas de tutoría: se ser titoras, tratarase este tema como contido de tutoría.	Todos os cursos  Toda a ESO  Todos os cursos  Todos os cursos  3º ESO  Todos os cursos  Todos os cursos	Profesorado do departamento		Todo o curso  Semana do 25 de novembro  Todo o curso  Todo o curso  2º ou 3º trimestre  Cando se convoquen  Cando se convoquen
LINGUA ESTRANXEIRA. FRANCÉS	En coordinacion co equipo da biblioteca En coordinacion con proxecto lector do centro				
LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS	Obra de teatro: O mago de Oz, onde o personaxe principal en unha muller	Todos	Dto. Inglés	Alumnado de 2º da ESO	Todo curso, preparación e presentación en xuño do 2020
	Proxecto sobre "Equipos de deportes femininos" ou "mulleres deportistas en inglés"	1º ESO	Dto. Inglés	Webgrafía	Todo o curso
	Proxecto sobre un "Calendario" a expoñer na entrada do instituto, con tarxetas con información sobre mulleres que tiveron ou teñen relevancia no eido das ciencias e da investigación, e das artes.	2º ESO	Dto. Inglés	Cartulinas Papelería	Todo o curso
	Presentacións e debates sobre "fenda salarial" e sobre "o papel da muller de nas carreiras científico-tecnolóxicas"	3º, 4º e bacharelato	Dto. Inglés Auxiliar de conversa		Todo o curso
MATEMÁTICAS	Analizando os enunciados dos problemas dos libros	Todos	Todo o DD		Todo o curso



DEPARTAMENTO	ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES	ETAPA/ CURSO	RESPONSABLES	RECURSOS	TEMPORALIZACION
	<p>de texto, observamos que cando aparecen nomes de persoas si que hai tanto nomes de home como de muller. Porén, cando aparecen profesións, case na súa totalidade aparecen enunciadas en masculino: un ciclista, un obreiro, un gandeiro, un traballador, etc. Desde o departamento acordamos que cando lles dicemos problemas ou elaborem boletíns de exercicios, procuraremos que os enunciados amosen unha maior equidade para favorecer un pensamento de igualdade nas profesións.</p> <p>Nas actividades de carácter grupal tamén procuraremos que, na medida do posible, haxa certo equilibrio en canto a alumnos e alumnas por grupo.</p> <p>Por suposto, no día a día, seguiremos aproveitando cada oportunidade para fomentar a igualdade e a coeducación, corrixindo calquera tipo de conducta ou comentario que amose calquera indicio de fomento á desigualdade.</p>				
MÚSICA	Promover a non asunción de roles de xénero na aula, especialmente nos traballos colaborativos e nos exercicios de práctica musical.	ESO Bacharelato	O profesorado do departamento	Na práctica musical	
	Visibilizar o labor das mulleres no mundo da música, ao logo da historia e na actualidade. Exemplos: ler textos ou ver vídeos sobre o papel da muller compositora, arranxista, intérprete, etc. e seleccionar, de entre os vídeos que empregamos habitualmente como ferramenta de ensino-aprendizaxe, unha cantidade significativa (polo menos paritaria) de exemplos onde as protagonistas (instrumentistas, directoras, etc.) sexan mulleres.	ESO e Bacharelato (especialmente en 2º, 3º e 4º da ESO)	O profesorado do departamento	Textos Vídeos	
	Cuestionar os roles de xénero que fomentan algúns estilos musicais (exercicios de crítica musical).	ESO e Bacharelato, especialmente 4º ESO	O profesorado do departamento	Práctica musical	
ORIENTACIÓN	CHARLAS: O papel da muller na cultura xitana.	1º e 2º da ESO	DO	Secretariado do Pobo Xitano	Durante o curso
	Charlas afectivos-sexuais dentro do plan de acción tutorial	ESO	DO Concello	DELOGA	2º Trimestre
	O mundo das mulleres na ciencia en coordinación co departamento de ciencias e na acción tutorial	3º ESO	DO Dtos. Ciencias	Carteis	Todo o curso
	Visibilizar as problemáticas da muller no mundo contemporáneo, actual.	ESO	DO Dto XªHª	Audiusuais Murais	Todo o curso
	O papel da xuventude e os micromachismos dende a música (por exemplo o regetón) e adaptacións das letras evitando linguaxes machistas ou sexistas ou discriminatorias.	ESO	DO Dto Música	Audiovisuais	Todo o curso
RELIXIÓN	Non aporta contidos neste momento				
TECNOLOXÍA	Non aporta contidos neste momento				
XEOGRAFÍA E HISTORIA	Murais no centro, pinturas de Luis Seoane	4º da ESO	Dto. Didáctico	Pintura mural con acrílicos	Todo o curso
	Actividade sobre as mulleres traballadoras nas súas familias (nais, aboas, tías...). O mundo do traballo feminino nas súas familias	4º ESO	Dto. Didáctica	Exposición fotográfica	2º/3º trimestre





### **A nivel de centro**

- Plan Director: charlas da Garda Civil sobre violencia de xénero.
- Axenda escolar: con contidos específicos en materia de igualdade.

### **A nivel Equipo de Dinamización da Lingua Galega:**

- Teatro específico coa temática de igualdade e coeducación.
- Calendario escolar adaptado coa dedicatoria a unha muller con papel representativo na cultura, educación, sociedade en xeral. Na búsqueda da igualdade en todos os ámbitos da nosa sociedade.
- Murais: “Mulleres da Agra de Leborís. Posta en valor da muller rural”.
- Certame plástico literario: “Dores Gestoso”.
- Colaboración coa biblioteca en datas conmemorativas: 25 de novembro, 8 de marzo...

**A Asociación de Pais e Nais do IES Agra de Leborís, “Manuel Murguía”**, fai propostas de actividades específicas en materia de igualdade, charlas sobre a temática, centrada no correcto uso das redes sociais e o respecto entre homes e mulleres: “As redes que enredan” para 1º da ESO en coordinación co departamento de orientación, e a contratación dos servizos de DELOGA.

- **Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.**

Concretaranse charlas específicas de orientación académica e profesional tendo en conta as opcións libres de estereotipos. Presentarase todo tipo de oferta educativa e profesional como parte da sociedade respectando a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Coordinación e visita de centros educativos do entorno coa oferta educativa de formación profesional.



- **Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.**

Os distintos departamentos didácticos deben manter actualizado o seu currículo e o material didáctico que se está a propor para o seu desenvolvemento, tendo en conta a perspectiva de xénero.

Cada curso escolar, na presentación das distintas programacións lembrarase a importancia de ter en conta os contidos específicos e materia de igualdade de xénero, coa proposta de deseño de recursos específicos.

- **Ofertar materias específicas de igualdade de xénero.**

Dende hai varios cursos, concretar, ofértase a materia específica de opción de "Igualdade de xénero" en 1º e 2º da ESO, polo Departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

- **Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc.**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega oferta actividades específicas para traballar a coeducación dende o currículo: teatro, calendario escolar, concursos, charlas, entre outras.

O Departamento de Orientación ten previsto poñer en marcha charlas co colectivo xitano para traballar o papel da muller e a súa integración na sociedade actual galega.

Os distintos departamentos didácticos colaborarán en programas específicos en materia de igualdade de xénero para tratar distintos contidos coeducativos.

## **5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:**

- **Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do**



**saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...**

Unidades didácticas específicas sobre esta materia segundo os distintos departamentos didácticos e ofertadas polos distintos sindicatos entre outros organismos.

Actividades transversales específicas en correlación cos proxectos de centro (plan lector-Biblioteca, EDLG).

- **Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).**

DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (25 de novembro). Deseño de actividades para traballar nas titorías ao longo do mes de novembro e exposición dos traballos realizados. Montaxe artística na Biblioteca.

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA (8 de marzo). Edición en formato impreso das obras premiadas no Certame “Dores Gestoso” en anos anteriores. Adicación especial á relevancia das mulleres en relación ao tema do proxecto interdisciplinar proposto pola biblioteca cada curso.

Dinamización das actividades relacionadas co OBRADOIRO DE CREACIÓN POÉTICA DA REIVINDICACIÓN DO PAPEL DA MULLER, (Departamento de Lingua Galega e Literatura) para alumnado de 3º de ESO.

Rotulación das fronteiras das escaleiras do centro con vinilos con diferentes temáticas: frases de mulleres relevantes nos distintos eidos, títulos de libros, fragmentos de poemas e a súa autora, mensaxes positivas, mulleres galegas, mulleres na ciencia, entre outras.

- **Realizar actividades de sensibilización na aula.**

O departamento de orientación e o equipo de titores/as, como parte da acción titorial traballa actividades específicas de sensibilización nas aulas.

- **Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.**

Dende a ANPA “Manuel Murguía” do IES Agra de Leborís, oferta actividades específicas para traballar a temática.

Dende o plan director ofértase a posta en marcha de actividades diversas sobre esta temática.

### **5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:**

- **Difundir información a través dun tableiro no centro.**

Concretar un espazo específico xunto á cafetería, na entrada do instituto. En coordinación co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o equipo da biblioteca.

- **Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.**

Darase visibilidade aos fondos existentes na biblioteca en relación coa igualdade.

Exposición de textos escollidos no “*Rincón literario*”, que terá como finalidade tanto ser un punto de encontro entre os distintos membros da comunidade educativa como favorecer a comunicación utilizando como canle a literatura e lecturas coeducativas.

- **Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.**

Coa colaboración do equipo da biblioteca, o EDLG, e o departamento de educación plástica, visual e audiovisual, resposanble da materia de igualdade de xénero.

- **Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.**

Elaboración dunha listaxe de entidades, empresas e a análise da a súa colaboración e promoción do respecto cara a diversidade sexual e de xénero.

- **Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.**

- **Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.**



Dende os distintos departamentos didácticos e especialmente dende o departamento de educación física coa proposta de actividades inclusivas nos períodos de recreo.

• **Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.**

Dende os departamentos máis directamente relacionados cos espazos tecnolóxicos (aulas de tecnoloxía, aulas de informática) coa coordinadora en Tecnoloxía da Información e Comunicación e o resto do profesorado do centro.

• **Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.**

O plan de orientación académica e profesional terá en conta a non discriminación por cuestión de xénero, con medidas preventivas e a promoción de actividades que fomenten a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nos distintos ámbitos de formación e profesionais.

• **Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.**

Estas medidas levaranse a cabo tanto no centro educativo como no entorno máis próximo, dando a coñecer as formas de actuar para previr calquera tipo de situación de acoso sexual, escolar e laboral.

**5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:**

• **Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.**

Estará implícito en todas as actuacións que se leven a cabo no centro educativo, implicando a toda a comunidade educativa e expresarse co respecto entre todos os seus membro e a búsqueda dun clima de centro.

O plan de convivencia de centro favorecerá o respecto entre todos os membros da comunidade educativa, en especial tendo en conta o respecto e o bo trato entre homes e mulleres.



- **Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.**
- **Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.**

Poñendo en marcha campañas de sensibilización e ofrecendo servicios á comunidade (banco de alimentos, voluntariado...) que sexan promovidos dende o centro educativo e contando coa a colaboración dos servicios sociais e educativos do entorno.

- **Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas.**
- **Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.**

O proxecto educativo e a súa concreción nos distintos plans de intervención promoverán metodoloxía activas e participativas, fomentando unha educación colaborativa e cooperativa, mediante o fomento do traballo en equipo. Buscaráse unha labor de coordinación permanente entre os distintos membros da comunidade educativa na realización das distintas tarefas que se poñan en marcha no centro.

- **Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.**

A coordinación coas distintas entidades da zona da Laracha, con reunións de coordinación trimestral entre os servizos de educación, servizos sanitarios, servizos sociais e servizos de seguridade.

E a coordinación do noso centro educativo segundo as necesidades que xurdan a nivel educativo, social e sanitario. Esta coordinación será permanente segundo as necesidades que se presenten e permitirá ter unha visión máis global e favorecerá unha intervención interdisciplinar, psicosocieducativa.

## **6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

### **6.1. Procedementos de avaliación**

Haberá tres momentos na avaliación do plan de igualdade:

- Avaliación inicial, de coñecementos previos: análise de datos, enquisas. Isto permitirá saber o nivel de coñecementos e valores que teñen en materia de igualdade.
- Avaliación continua, de desenvolvemento do plan coas distintas actividades e actuacións a desenvolver. Nesta avaliación continua terase en conta a toda a comunidade educativa.
- Avaliación final ou de resultados, de consecución do obxectivos do plan e propostas de mellora, que se irán concretando cada curso escolar.

### **6.2. Indicadores de logro**

Atendendo aos obxectivos establecidos para a súa consecución neste plan, concretaranse os indicadores de logro, cos indicadores de adquirido, parcialmente adquirido ou en proceso de adquisición, e sen adquirir.

### **6.3. Instrumentos de avaliación**

Instrumentos de tipo cualitativo e cuantitativo respecto ao plan en xeral como a través das distintas programacións específicas que se propoñan. Enquisas, cuestionario, follas de rexistro.

### **6.4. Propostas de mellora**

Cada curso escolar unha vez implementado o plan de igualdade e coeducación elaborárase unha memoria onde se indicarán como se adquiriron os obxetivos e contidos propostos, se a metodoloxía e recursos foron axeitados, se o nivel de colaboración e implicación dos distintos axentes foron axeitados ou mellorables.

Segundo o seguimento e valoración do plan, faranse propostas de mellora que permitirán continuar con este proceso de educación cara a unha igualdade real entre homes e mulleres, e un auténtico modelo de ensino-aprendizaxe coeducativo.



## ANEXO I

### ENQUISA SOBRE ACTITUDES CARA A IGUALDADE DE XÉNERO

O obxectivo desta enquisa é coñecer a túa opinión sobre algúns temas.

A continuación preséntanse unha serie de afirmacións para que valores se estás de acordo ou non, e indiques o teu punto de vista.

É importante que expreses unicamente a túa opinión persoal, segundo a seguinte clasificación:

Moi en Desacordo	Bastante en desacordo	Nin de acordo nin en desacordo	Bastante de acordo	Moi de acordo
<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>

Le cada afirmación e marca cunha Cruz o recadro que mellor reflicte a túa opinión.

Non esquezas valorar todas as cuestións. Contesta simplemente o que pensas e faino o máis rápido posible. Avalía cada cuestión por separado e non volvas atrás.

Grazas pola túa colaboración.

Nº	Items	1	2	3	4	5
1	As mulleres lesbianas deberían ser aceptadas con total normalidade.					
2	Unha muller que sae soa de noite, sempre terá máis probabilidades que un home de atoparse con problemas.					
3	Pola súa propia natureza, as mulleres sempre se preocuparán máis polo ámbito do privado e polas persoas que teñen cerca que polos asuntos políticos ou cidadáns.					
4	Non debe permitirse que as parellas homosexuais adopten nenas/os, xa que pode resultar prexudicial que ambos nais/pais sexan do mesmo sexo.					
5	É natural que sexan as mulleres as que se ocupen prioritariamente do fogar e dos fillas/os, porque as nenas/os necesitan da nai durante os primeiros anos de vida.					
6	Os homes están peor dotados que as mulleres para o coidado de nenas/os, persoas enfermas e anciáns.					
7	É normal que, ante unha operación grave, prefírase un cirurxián varón, xa que, cando a vida está en xogo, é mellor inclinarse por opciónes xa probadas.					
8	As mulleres xamáis poderán valorar aos homes doces, sumisos e caseiros/familiares.					
9	Como xuíces, os homes sempre serán máis imparciais que as mulleres.					
10	Se unha muller non está casada nin vive en parella soe ser porque no atopou a ninguén que namore dela.					
11	Aínda que non queiran recoñecelo, as mulleres sempre se sentirán máis atraídas polos homes fortes e viriles.					
12	É desexable que, nun matrimonio, o home sexa varios anos maior que a muller.					
13	Se nunha empresa se ven obrigados a despedir a					





	algúns traballadores, é preferible que os afectados sexan mulleres, xa que elas non soen ter que manter a unha familia.					
14	Debería permitirse as mozas e mozos elixir libremente a súa orientación sexual: heterosexualidade, bisexualidade ou homosexualidade.					
15	É natural que as nais/pais tendan a conceder máis liberdade aos fillos varóns, xa que as mozas sempre corran perigos maiores.					
16	Na parella, antes ou despois, haberá problemas se a muller é varios anos maior que o home, xa que as mulleres soen perder antes o seu atractivo sexual.					
17	Nas dinastías profesionais familiares, nas que hai varias xeracións de médicos, abogados, empresarios ou artesáns, é preferible que sexa o varón o que continúe a tradición familiar, pois ten máis posibilidades de éxito.					
18	É axeitado que o varón tome a iniciativa nas relacións sexuais					
19	Cun índice de paro tan elevado sería preferible non insistir tanto na incorporación a muller ao mundo laboral, para así evitar o risco de que nalgúnhas familias entren dous soldos e noutras ningún					
20	Debería considerarse normal que unha persoa homosexual (home ou muller) fose presidente de goberno.					
21	É inevitable que o matrimonio implique unha perda de independencia maior para as mulleres que para os homes, xa que delas depende o nacemento ou a crianza das nenas/os.					
22	En xeral, os varóns soen ter impulsos sexuais máis fortes.					
23	As mulleres sempre dedicarán máis enerxía ao benestar das súas fillas/os e a súa familia que ao traballo.					

Fonte: adaptación do “cuestionario de actitudes hacia la igualdad de géneros (CAIG): elaboración y estudio sociométrico”, de varios autores, Anuario de Psicología 2003, vol. 34, nº 1, 101-123, Facultat de Psicologia Universitat de Barcelona.



## ANEXO II

### PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA

[www.edu.xunta.gal/portal/plandirector](http://www.edu.xunta.gal/portal/plandirector)

#### **Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos**

Para facilitar a participación dos centros docentes nas actuacións incluídas no Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos durante o curso 2019-2020, achégase a seguinte documentación:

- [Carta do delegado do Goberno en Galicia, do 3 de setembro de 2019](#)
- [Instrucción Nº 7/2013 de la Secretaria de Estado de Seguridad, sobre el "Plan Director para la convivencia y mejora..."](#)
- [Modelo para a solicitude de intervención nos centros docentes.](#)
- [Formulario de avaliación.](#)
- [Datos de contacto.](#)



**ANEXO III**  
**RECURSOS EN MATERIA DE IGUALDADE E COEDUCACIÓN**

[www.edu.xunta.gal/portal/igualdade](http://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade)  
[www.edu.xunta.gal/portal/es/node/28746](http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/28746)

- **Materiais para a coeducación. Claves para a elaboración Plan de coeducación nun centro de ensinotiva** (en prensa). Xunta de Galicia.
- **Orientaciones para el diseño y la implementación del Plan de Igualdad en los centros públicos** (2018). Gobierno de Canarias.
- **Educación para la igualdad de xénero. Un modelo de evaluación** (2018). Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud (FAD). [75 pág.]
- **Educación en igualdad. Propuesta metodológica sobre coeducación** (2015). Colección Plurales. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. [128 pág.]
- **Guía de apoio para introducir a perspectiva de xénero na docencia da Universidade de Vigo** (2014). Universidade de Vigo
- **Guía para a xestión de proxectos coeducativos** (2009). Xunta de Galicia. [102 pag.]
- **Orientaciones para los y las agentes de igualdad en los Consejos Escolares** (2009). Gobierno de Canarias [6 pág.]
- **Guía. Un plan para la igualdad.** [sen data] STEs. [18 pág.]
  
- **Mónica Baleirón:** [asesoria.igualdade@edu.xunta.gal](mailto:asesoria.igualdade@edu.xunta.gal): 881 997 598
  
- **Guía para a xestión de proxectos coeducativos** (2009)
- **Educar en igualdad. Propuesta metodológica sobre coeducación** (2015)
- **Educación para la igualdad de xénero. Un modelo de evaluación** (2018)
- **Claves para a elaboración dun plan de coeducación (CIG-Ensino)**